

A Coruña investiu 5,5 millóns € en centros educativos no 2021



Páxina 7

'Tanxugueiras', Palabra do Ano 2021



Páxina 8

A asemblea da Red de Ciudades AVE terá lugar en Ourense neste ano



Páxina 10

Monforte e Sober renovan pavillón e piscina



Páxina 12

A Xunta reformará o Hospital Público da Mariña



Páxina 13



Monforte participou en León na 58ª Asemblea da Red de Juderías de España

Páxina 14

Entrevista



Carlos Quiroga, escritor

"Arredor do Camiño pode nacer unha ponte moi ampla de intereses"

Páxina 2





Adegavella

Eirexa 14, ABELEDA.
32765 A TEIXEIRA – Ourense.
Tfnos. 606807897 - 660047602
info@adegavella.com

Ribeira Sacra
Concello Regulador Denominación de Orixe





Café Bar Torremolinos

Rúa Marcelo Macías, 35. Teléfono 988 231 107 OURENSE

Establecemento seguro
Certificado desinfección
www.saneacontrol.com

Entrevista

Por Moncho Mariño

Carlos Quiroga, escritor

“Arredor do Camiño pode nacer unha ponte moi ampla de intereses”

Carlos Quiroga (O Saviñao) é profesor da USC mais tamén autor de traballos e novelas. Unha destas últimas, *Fractal*, editouse en Brasil como consecuencia dun encontro mediante Internet entre académicos e profesionais brasileiros e galegos arredor de Ga-

licia e o coñecemento sobre o país en terras americanas. Doutra banda, Quiroga remarca o alto interese en terras americanas sobre o Camiño de Santiago e que ao final podería converterse nunha ponte de unión entre as variedades galego-portuguesas.

-Cal é a motivación detrás da escolla de *Fractal* como título do seu traballo?

O libro tiña unha estrutura moito máis experimental e atendía a moitas imaxes nun primeiro momento. Era un triángulo constantemente repetido das personaxes que falaban, tamén na parte central había unha conversa coral entre varias personaxes e tamén eran tres historias. Daquela o título era máis amplo O suplicio da fogueira no fractal, outro era O suplicio da fogueira no triángulo Sierpinski. Este último é un triángulo fractal con numerosos triángulos no seu interior repetíndose até o infinito. Como a historia é un triángulo amoroso, mais dentro do triángulo amoroso hai máis triángulos e de aí vén a evocación remota. Na estrutura de capítulos pois tamén había un uso matemático, un tanto até o infinito, e que eran repeticións de triángulos. O suplicio da fogueira no triángulo Sierpinski remitía a unha historia de amor colocada na fin da terra

en que o esquema triángulo era un tanto recorrente. Logo, durante as conversas co editor e supoño que por unha visión obxectiva, creu conveniente e beneficioso para o hipotético consumo do libro, reducir o experimentalismo do libro e tamén desapareceron as imaxes todas, incorporáronse títulos aos capítulos e á personaxe que falaba para que fose menos confuso.

-Gústalle que cualifiquen *Fractal* como un exercicio de narrativa experimental?

Non, eu véxoo como unha novela que se le con facilidade e o efecto “experimental”, o máis enfatizado, tampouco se buscou de maneira moi intencionada. Cando contactei co editor brasileiro este pediume libros meus e deille a escoller entre varios que xa tiñan pasado por editoras galegas e portuguesas. Pensei en *Inxalá* que tivera boa acollida en Portugal mais el pediu algo novo. Logo mostreille uns rascuños e elixiu o de *Fractal*, basicamente porque

hai unha personaxe brasileira que ía camiño de Fisterra. Esta personaxe non estaba en orixe, era un pouco como de recheo para darlle un pretexto a algunhas conversas dentro do triángulo de personaxes nun hotel de Fisterra. E en Brasil o tema do Camiño está moi de moda, decidiu escoller este libro.

-*Fractal* sería a pedra angular coa que lle gustaría construír unha ponte entre Camiño de Santiago e América?

En realidade levo tempo tentando abrir unha ponte con Portugal editando libros alí. No Brasil, cos dous libros anteriores, de poder editar conxuntamente o mesmo libro aquí e alí. No caso de Portugal xa aconteceu e sobre o Brasil falouse dese tipo de pontes grazas aos medios reprográficos actuais. Cando falei de facer unha ponte, falaba dunha ponte máis ampla, algo difícil. Non obstante, o Camiño pode levar a un bo entendemento e por tanto pode nacer unha ponte de intereses arredor desta ruta.



dor desta ruta.

-Entón é posible que Santiago se estea convertendo nun punto referencial para a lusofonía ou o abano de variedades lingüísticas galego-portuguesas?

Sí, algo diso hai. Os brasileiros, como sociedade, saben pouco do asunto da Galiza, agás a pequena burguesía que pode viaxar, ademais está a mala imaxe que teñen dos portugueses por seren excolonia. Mais cando chegan á Galiza e descubren o das cantigas me-

dievais, que aínda existe o galego e hai unha terra de onde saíu a lingua, quedan encantados aínda que politicamente está na España, e entre o neboeiro, a comida e a mística do Apóstolo, veñen encantados. O continxente brasileiro que visita o Camiño é dos máis amplos e posiblemente vaia a máis. Así eu entendo que o Camiño une e máis parece haber unha compoñente medio mística e simbólica que se vende para reflexións mesmo “filosóficas”.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



en BUEU, onde ía ser?

www.libreriamiranda.gal



Todos os porcos teñen o seu San Martiño

Téño dito un montón de ocasións e tamén o teño escrito varias veces: os medios de comunicación son contaminantes.

Cando o responsable dun medio permite que se publiquen artigos e informacións que sabe que son falsas, está cometendo un terrible atentado á información dos cidadáns que non teñen a capacidade de comprobar se o que están lendo ou escoitando é verdade ou non.

Pero agora, nestes novos tempos que nos toca vivir, entra en escena un novo artista que supera a todos os anteriores coa súa capacidade de influencia: internet, os twiits (ou como se diga), nunha palabra, as redes sociais.

Este preámbulo ben a conto do balbordo que se montou e segue no escenario polas declaracións do Ministro de Consumo, Sr. Garzón sobre as granxas de porcos: extensivas e intensivas.

Pero antes de entrar no meollo da cuestión adiantemos uns cantos datos que non se discuten.

“España 2030” é un documento presentado polo Estado Español para falar dunha estratexia a longo prazo para adaptarnos a nova coxuntura climática. Aquí xa se aborda a necesidade dun descenso na inxesta de carne (o famoso chuletón de Pedro Sánchez), para os próximos anos. Recentes estudos indican que a poboación española ten un consumo de carne de entre dúas e cinco veces superior ao recomendado.

A famosa revista The Lancet puña o dedo na chaga ao anunciar unha redución das dietas cárnicas para mitigar a subida global de temperatura e reducir a pegada do carbono no sector alimentario. “O consumo mundial de froitas, verduras, vexetais, froitos secos e legumes debería duplicarse; o consumo de alimentos como a carne vermella e o azucre deberían reducirse máis do 50%”.

Ben, o ministro de Consumo Sr. Garzón declarou no xornal inglés The Guardian que

denuncia o maltrato animal nas granxas intensivas (ou sexa, as que están entre 3.000 e 5.000 porcos encerrados nunha nave e alimentados con pienso) que producen unha carne de baixa calidade que se destina á exportación. Tamén defendeu as granxas extensivas indicando a importancia que teñen no sector agroalimentario español que non contaminan nin a terra nin os manceiros de auga alí onde son instaladas,



algo demostrado inequivocamente. Aquí os animais andan soltos e teñen unha alimentación variada e diversificada.

A dereita recortou estas declaracións e montou un bulo no que se afirma que o Ministro declara que España exporta carne de baixa calidade. Obviamente, en plena campaña das eleccións á Presidencia de Castela-León, o actual presidente Fernández Mañueco agarrouse a esas declaracións, manipulounas axeitadamente, e lanzou a consigna de que o Ministro de Consumo falara mal da carne española, atentara contra os gandeiros e que o Presidente tiña que destituilo de inmediato.

Diante desta terxiversación das súas declaracións o ministro Garzón reproducíunos medios, sobre todo en internet, o texto completo das súas declaracións que o xornal tiña resumido por problemas de

espazo. Pero iso non importa: o importante é darlle caña a un ministro e de paso ao Presidente do Goberno coa maléfica intencionalidade de así, mintindo, e manipulando á opinión pública, conseguir que os agricultores de Castela-León, que deben ir as urnas o vindeiro 13 de febreiro, castiguen co seu voto aos socialistas e podemitas.

Pode darlle resultado esta campaña de desinformación? Pode. Simplemente porque os votantes de Castela-León, na súa maioría, non se deteñen a comprobar que dixo realmente o Ministro e que versión lle queren facer tragar os partidos, sobre todo, os da dereita.

O máis triste de todo isto é que o

rando a ver quen da os golpes máis fortes aínda que estean fora do regulamento.

As redes sociais, que poden ser aproveitadas para moitas cousas, tamén poden ser un veneno mortal para que saibamos a verdade das cousas. Só os que se molestan en chegar ao fondo dos problemas e das declaracións dos políticos de turno poden estar debidamente informados. Os demais, os que se deixan levar polos bulos (as veces estupendamente construídos) estarán sempre ao albor deses políticos que a falta de propostas serias e con futuro só se dedican a desmentir, insultar e, o que aínda é peor, presentarse como salvadores

propio Presidente do Goberno non tivera agallas para defender ao seu Ministro que se limitou a facer públicas as instrucións do propio Goberno Central nas que aposta polas granxas de porcos extensivas e ponlle data de caducidade as intensivas que foron as que, precisamente, fixera alusión o Ministro de Consumo, Sr. Garzón.

Este tipo de bulos, aos que se agarran os políticos que están en campaña electoral, sen importarlle que hai de verdade ou mentira no seu contido, son os instrumentos utilizados para chegar ao Poder, sabendo que se o alcanzan terán que desdicirse de inmediato porque así llelo vai esixir o guión europeo no que se defende unha mellora do medio ambiente, aínda que a dicir verdade, pouco se lle nota.

En resume, os cidadáns asistimos a unha pelexa de galos aos que aplaudimos espe-

sobre cuestións que saben perfectamente non teñen nada que facer porque, simplemente, veñen marcadas por instancias superiores, léase UE, á que, desgraciadamente, non temos opcións políticas en exercicio nin esperando tomar o relevo que se atrevan a discutir o que se coce en Bruxelas.

Polo tanto, eu quero dende aquí animar a todos que non se deixen manipular nin polos de Laño ni polos de Lestrove. Que se informen tranquilamente, e que logo, serenamente, valorando os pros e os contras tomen as decisións correspondentes. Pero, por favor, non deixen que lles tomen por carne de canón.

Fagamos valer os nosos dereitos a ser informados con honestidade e con verdade; é o mínimo que podemos e debemos esixir aos nosos gobernantes.

Sexan felices e cóidense moito.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PAIS BASCO: Nicolás Xamardo. **CANARIAS:** Fco. Puñal.

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Opinión

Caderno da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

0 erro Tellado

O filósofo Ortega y Gasset escribiu o 15.11.1930 un artigo no xornal madrileño El Sol, no que dixo que o rei Alfonso XIII fixera un erro grandísimo ao lle encargar, en febreiro dese ano, ao xeneral Berenguer voltar ao réxime constitucional monárquico de 1876 de xeito normal, como se os sete anos da brutal ditadura de Primo de Rivera (1923-1930) puídesen pasar de esguello. Velaí porque o filósofo considerou Berenguer obxecto (non é o erro de Berenguer, mais si o erro Berenguer) e non suxeito, cualidade que lle pertencía ao malfadado rei Alfonso XIII. O artigo contribuíu á caída da Monarquía borbónica en abril de 1931.

Nesta fin de 2021 Núñez Feijóo está a facer o erro Tellado. O PPdeG, que acadou un 48% de votos en xullo de 2020, percebe desde o remate do verán de 2021 que o

BNG segue tan forte como nas eleccións nacionais de 2020. Mesmo máis forte. Por primeira vez o PPdeG albisca a posibilidade real, mesmo a probabilidade, de perder as eleccións nacionais de 2024 fronte unha coalición opositora liderada polo BNG. Quer dirixa ao PPdeG Núñez Feijóo, quer o dirixa calquera outro.

Fronte este proceso, Núñez Feijóo anima un discurso Tellado, demonizador do BNG, que vai totalmente á contra do que pensa a xente, ademais de responder a esquemas vellos e caducos. Porque o BNG definiu bastante a xeito na súa remuda congresual de novembro a dicotomía entre a ideoloxía de base (son soberanistas e defenden o dereito a decidir de Galicia) e a praxe que propoñen para a Galicia de arestora: un autogoberno blindado, a recadación e xestión de todos os tributos e unha lingua de



uso preferente nun Estado transformado como plurinacional e nunha Unión Europea tamén transformada nunha Europa da cidadanía e dos pobos. É dicir, unha coso-

beranía galega nun esquema confederal e plurinacional estatal e europeo.

Emitir mensaxes de medo a respecto do BNG como inimigo da convivencia non pertence a esta época, nin á nosa realidade. E enviar ao segundo Tellado para que os emita amosa que se está a perder o sentido da evolución dos tempos, mesmo que se está a perder o sentidiño. Ese sentidiño que a cidadanía galega esixe, agora e sempre, dos seus líderes.

A deputada do BNG Olaia Rodil no Parlamento de Galicia encaixou Tellado moi ben e mais ubicouno onde lle pertence: nos espazos da vella política dependentista que centos de milleiros deste País queren pechar, abrindo os que lles vencellen cos progresos da nova Europa, cos progresos do novo Mundo.



0 dereito de vivirmos en galego

A lóxica do Estado español é beneficiar ao castelán e limitar o galego e, tamén, ao euskera e ao catalán, malia que nestes dous casos cadanseu Poder autonómico compensa, nunha pequena parte, a abafante omnipresenza do castelán na Administración de Xustiza, no mundo empresarial, na publicidade e na comunicación e ficción audiovisuais. Unha desaquelada desproporcionalidade, tendo en conta que somos un País no que sabemos falar galego o 89%, mentres un 53,3% aínda fala só ou nomeadamente galego e só o 24% fala sempre castelán.

O problema de base xurídica é que a

Constitución só reconece o deber xeral de coñecer o castelán. Mesmo o Tribunal Constitucional declarou inconstitucional no 1986 a obriga de coñecer o galego, euskera e catalán recoñecida en cadansúas leis de normalización lingüística. O mesmo Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo foron minorizando estas linguas cooficiais, impedindo que fosen de uso preferente e existindo na práctica un uso subordinado e minorizado ao do castelán. Xuices e fiscais poden exercer na Galicia sen coñecer o galego (velaí porque nun país con eses niveis de uso da nosa lingua só o 6-7% das sentenzas redáctanse en galego), men-

tres algúns médicos apelan a un suposto dereito á ignorancia que prexudica gravemente a relación coa persoa doente.

Son lexislacións, xuriprudencias e políticas baseadas na idea dunha España monolingüe na que as outras linguas constitúen unha incomodidade. Mesmo hai xente no centro peninsular que pensa que falamos galego (ou catalán) por amolar. E esta idea proxéctase nas persoas que veñen traballar a Galicia dende Hispanoamérica ou territorios monolingües do Estado. Hai poucos días, o porteiro de orixe mesetaria dun local de lecer nocturno dunha cidade galega espetáballe a dous meus amigos que presentaban o pasaporte Covid "estamos en España y en España sólo se habla español". Tamén hai poucos días unha mandadeira de orixe hispanoamericana, con

varios anos de exercicio laboral na capital de Galicia, espetáballe a unha clienta logo de lle entregar o pedido "no me hables gallego que no te entiendo...". Unha vez máis os preconceitos xerados en Madrid que se proxectan nas mentes de milleiros.

Para que se respecte o noso dereito de vivirmos en galego todas as persoas que aquí residen e traballan, cando menos, haberían amosar unha comprensión pasiva da nosa lingua. Mudar de código lingüístico é razoábel cos turistas e transeúntes, mais non se xustifica coas persoas residentes.

As persoas intelixentes ollan sempre para a lúa e non para o dedo que a sinala. No Estado español a lingua A, a privilexiada, é o castelán. Que o balbordo non nos confunda.

0 líder político da Galicia moderna

Cumpríuse este venres, 7-X, o 72 cabodano do pasamento en Bos Aires de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Castelao, canda Rosalía, son os principais persoeiros galegos da Idade Contemporánea. Rosalía como construtora espiritual da Nación. Castelao como líder político da Galicia moderna no século XX.

Malia as grandes remudas sufridas na Galicia e no mundo despois da súa morte é abraiante a actualidade do seu pensamento político. Soubo distinguir entre os seus alicerces ideolóxicos (defensa da soberanía galega e do noso dereito a decidir) e a praxe estratéxica da conquista do Estatuto de Autonomía como solución do seu tempo ao encaixe autónomo de Galicia no Estado español. Defendeu un naciona-

lismo galego cívico e democrático, pacífico, integrador, europeísta e universalista, afastado de supremacismos e imperialismos. E, xa que logo, apostou pola unión confederal de Galicia, Euskadi, Catalunya, Castela e Portugal como parte constituínte duns Estados Unidos de Europa que construírían unha Unión Mundial dende valores de paz, humanismo, cooperación, multilateralidade e multipolaridade.

Comprende tamén Castelao cuestións tan actuais hoxendía como a importancia de construír economía, Nación e sociedade democrática dende a industrialización e desenvolvemento económico baseado nos potenciais endóxeos galegos, a virtualidade do cooperativismo ou a importancia da recuperación do Dereito Civil galego.

Defendeu sempre os valores da democracia liberal e refugou de solucións autoritarias de esquerda ou dereita, nunha época onde esa actitude política non era maioritaria.



Castelao é o grande líder pragmático que, canda Alexandre Bóveda, é quen de facer dun Partido Galeguista transversal e interclasista a vangarda que fixo posíbel conducir outras forzas políticas e sociais cara á aprobación plebiscitaria do Estatuto (28 de xuño de 1936) cun millón de votos favorábeis (case o 74% do censo electoral), superando os inxustos requisitos impostos

polos gobernos republicanos de Azaña e Casares Quiroga.

No exilio bonarense Castelao fixo moi tísimo con moi pouco. Soubo construír a alianza GALEUSCA con vascos e cataláns, dirixida a sobardar o marco constitucional republicano de 1931 para artellar unha República federal plurinacional. Constituíu o Consello de Galiza (novembro de 1944) cos deputados Elpidio Villaverde, Alonso Ríos e Suárez Picallo, como institución fideicomisaria da vontade cidadá galega expresada nas eleccións de febreiro de 1936 e no plebiscito estatutario de xuño de 1936. E é esta institucionalización da vontade cidadá galega foi chave para que accedese como ministro representante de Galicia como país no Goberno republicano no exilio de José Giral (1946-47).

O pensamento e a praxe política de Castelao seguen vixentes.

Bruxelas propón considerar o investimento en enerxía nuclear e gas

A Comisión Europea quere que os investimentos en enerxía nuclear e gas natural considérense sostíbeis na transición ecolóxica. Segundo a proposta, pretenden que reciban a "etiqueta verde" os investimentos nas centrais nucleares que reciban o permiso de construción antes de 2045 e que tamén se considere sostíbeis ao gas natural sempre que proveña de enerxías renovables ou teña baixas emisións en 2035.

O borrador coa proposta xa circulou polos Estados membros da UE e, máis en concreto, expón dar a cualificación de "verde" aos proxectos que substitúan ao carbón e emitan ata 270 gramos de CO₂ por kW/h. Con esta cualificación, poderíanse obter licenzas de construción ata 2030, sempre que exista un plan para cambiar a



enerxía renovable ou de baixas emisións antes de finais de 2035.

A enerxía nuclear podería ser considerada "sostíbeis" sempre que as novas centrais que obtengan os permisos ata 2045 cumpran unha serie de condicións para evitar un dano importante ao medio ambiente e aos acuíferos. Este tema ten provocado fisuras no seo da UE. Francia apoia a medida, toda vez Ale-

maña e España non. De feito, en Madrid, os ministros Yolanda Díaz e Alberto Garzón xa se posicionaron en contra.

Os Estados membro e a Plataforma sobre Finanzas Sostíbeis teñen ata o 12 de xaneiro para responder a esta proposta. Posteriormente, a Comisión Europea preparará unha lei delegada que será enviada aos países membro e ao Parlamento europeo para o seu debate.

Entra en vigor o maior pacto comercial do mundo liderado por China

Trátase da Asociación Económica Integral Rexional

O pasado 1 de xaneiro entrou en vigor a Asociación Económica Integral Rexional (RCEP, polas súas siglas en inglés), formada polos 10 membros da ASEAN, ademais de China, Xapón, Corea do Sur, Australia e Nova Zelandia.

Segundo comunica a ASEAN, actualmente o pacto intégrano os 10 países que o ratificaron ata o 2 de novembro de 2022: Australia, Brunei, Cambodia, China, Xapón, Laos, Nova Zelandia, Singapur, Tailandia e Vietnam. Corea do Sur unirase ao bloque o vindeiro 1 de febreiro e o resto de Estados 60 días despois de que o ratifiquen.

Asinada en novembro de 2020, a asociación supoñerá o



30 % da economía mundial e o 30 % da poboación mundial, chegando a ao redor de 2.200 millóns de consumidores. Entre os seus obxectivos figura a redución de tarifas comerciais, o fortalecemento das cadeas de subministración baseadas en regras comúns en canto á información sobre a orixe dos pro-

ductos, así como a sistematización das normas que regulan o comercio electrónico.

"A implementación do Acordo RCEP [...] dará un tremendo impulso aos esforzos de recuperación económica posteriores ao covid-19", resaltou en novembro o secretario xeral da ASEAN, Dato Lim Jock Hoi

Kazajstán, de paraíso a inferno do mercado do bitcoin

O que comezou como unha serie de protestas pola subida dos prezos do gas e da enerxía en Kazajstán (Asia Central), alimentadas logo polo descontento e a inequidade social, deixando ata o momento 26 mortos e máis de 3.000 detidos, provocaron unha crise xeopolítica co envío de tropas internacionais lideradas por Rusia pero cuxas ondas expansivas ecoaron mesmo nos mercados de criptomonedas, os popularmente coñecidos bitcoin.

Incapaz de controlar aos manifestantes e no medio de escenas de caos por todo o país, o presidente kazako, Kassym-Jomart Tokayev, ordenou o 5 de xaneiro o peche case total da conexión a internet. Así, caeu o prezo da principal criptomoneda: de 40.542 o mércores pola tarde a 36.000 a noite do 6 de xaneiro.

Kazajstán é, desde 2021, o segundo maior centro de 'minado' de bitcoin do mundo, só por detrás de EEUU, e sen internet, non hai minado. En xuño pasado, China, ata ese momento o líder do minado das criptomonedas, prohibiu as actividades de minado no seu territorio aducindo os seus factores contaminantes. Isto xerou unha onda de inmigración masiva de 'mineiros' de criptomonedas ao veciño Kazajstán, pero tamén a EEUU ou Rusia.

O 'xigante enerxético' de Asia Central recibíunos cos brazos abertos, coa promesa dunha "enerxía barata" e mesmo unha iniciativa legislativa para atraer este tipo de investimentos ao país. En só uns meses, pasou de representar o 8% do 'hash rate' (potencia de minado) global, ao 18%, segundo datos do Centro de Cambridge para Finanzas Alternativas.

Eses números cadran coa caída da potencia de minado tras o bloqueio da internet, que foi próxima ao 14%. Estas grandes granxas de minado, con miles de potentísimas máquinas traballando noite e día conectadas á rede, elevaron a demanda enerxética kazaka a récords "anormais" e, coa chegada das temperaturas

invernales, provocando decenas de cortes eléctricos que afectaron á poboación local nos últimos meses. Desde principios de 2021, a demanda enerxética kazaka creceu un 8%, superando moi por encima o habitual aumento do 2% en anos anteriores.

Kazajstán posúe preto do 12% das reservas de uranio e é o maior produtor do mundo (con preto do 40% do mercado, os prezos do uranio tamén se viron afectados pola actual crise), a cuestión da enerxía nuclear en chan kazako é especialmente delicada polo recordo das probas nucleares soviéticas. Pero non é só Kazajstán un centro de produción masiva de bitcoin. Outros países como Irán, Kósovo, Abxasia, Islandia ou Alemaña deron tamén a benvinda a estas empresas de criptomonedas.

Pero con Kazajstán —cuxa enerxía provén nun 70% da queima de carbón e a porcentaxe de renovables é practicamente ínfimo— volveron a saltar as alarmas. Moitos dos mineiros expulsados de China lanzáronse a estes países porque contaban con enerxía barata, e de novo sucia. Rusia e Kazajstán quedáronse como os rivais de EEUU nesta loita, o único país, con Canadá, que si parece triunfar cun modelo renovable, aínda que non está claro cuán lonxe chegarán.

O certo é que estar tan arriba na lista tampouco é unha gran noticia. Esta industria electrointensiva e que necesita de pouca man de obra converteuse nunha especie de parasito das redes eléctricas globais e lastra cada vez máis ao nome de bitcoin. Non só importa a súa contaminación, é que en zonas como Siberia, a electricidade máis barata de Rusia, a súa chegada xa provocou cortes de luz, en Islandia decidiron non dar novas licenzas para mineiros por un asunto similar e outros países como Kósovo sumáronse aos vetos. En Abxasia fixérono despois de que o minado legal e ilegal aumentase o consumo eléctrico do país un 20% nun ano.

Tomado de El Confidencial (España)

Entidades sociais coruñesas beneficiadas con vehículos adaptados

Un investimento de 183.000 euros, o presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, e a deputada de Benestar Social, Ana Lamas, entregaron catro novos vehículos adaptados a entidades sociais da provincia como AMICOS de Barbanza (Boiro), a Asociación de Dano Cerebral Adquirido ADACECO da Coruña, a Fundación para a Protección dos Discapacitados Psíquicos da Comarca da Barcala (Ne-



greira), e ASPRONAGA na Coruña. A estas sumárase proxima-

mamente o centro O Lar de Oleiros.

Reforma integral dos xardíns de San Carlos

O Concello da Coruña avanza nas obras de reforma integral dos xardíns de San Carlos, un proxecto que conta cun investimento de 256.000 euros e que se encadra na liña de actuacións marcada pola alcaldesa, Inés Rey, para a recuperación dos xardíns históricos da cidade.

Os traballos, que se levarán a cabo nun prazo de seis meses, engloban oito actuacións e teñen como obxectivo garantir o respecto aos valores culturais dos xardíns de San Carlos, así como a mellora de usos e a interpretación da súa importancia, recuperando o trazado antigo sen alterar a esencia das instalacións,



complementándoo con elementos de divulgación e información histórica, cultural e botánica.

Así, o Concello busca reactivar un reclamo histórico para a ci-

dadanía e os turistas, aproveitando ademais un pequeno pulmón verde no corazón da cidade e ofrecendo un valor engadido ao barrio da Cidade Vella.

A Deputación da Coruña destina 8,2 millóns € en axudas sociais

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, anunciou que para 2022 se rexistrará un aumento de 4 a 8,2 millóns de euros no orzamento en programas de protección social. Isto permite que os concellos da provincia contraten cada ano arredor de 180 profesionais e financien 370.000 horas de servizo de axuda a domicilio, un servizo esencial para a atención de maio-

res e dependentes nos pequenos concellos.

O programa permitirá financiar o 100% do salario das persoas contratadas como persoal administrativo (18.000 €/ano), persoal técnico A2 (22.000 €) e persoal técnico A1 (26.000 €). Tamén se inclúe un prezo de 12 euros/hora para financiar o persoal do servizo de axuda no fogar. O persoal poderá ser contratado tamén a media xornada.



IV edición das xornadas "A Luz da Ciencia" na Coruña

As xornadas científicas 'A luz da ciencia' acadan a súa cuarta edición cun programa dedicado ao pensamento científico e o xénero. Esta iniciativa, que botou a andar no pasado ano da man da área de Patrimonio, trasládase nesta oca-

sión ao Pazo de Mariñán e ao Muncyt - Museo Nacional de Ciencia y Tecnología da Coruña- e terá lugar os días 13, 14 e 15 de xaneiro. As tres sesións correrán a cargo de relatoras que coñecen de primeira man a realidade da práctica científica.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

A Coruña investiu 5,5 millóns € en centros educativos no 2021

O Concello da Coruña investiu ao longo do 2021 un total de 5.526.741 euros en mantemento, obras e xestión das escolas e centros educativos de primaria. A partida con máis gasto foi a da xestión das escolas infantís, á que se destinaron un total de 2.438.638 euros. O mantemento dos centros supuxo, por outra banda, 1.996.915,70 euros. O investimento en obras foi neste 2021 de 751.292 euros.

Os traballos máis destacados foron no CEIP Raquel Camacho, o CEIP María Pita, o CEIP Cidade Vella e os centros Rosalía de Castro e Wenceslao Fernández Flórez. En



canto ás Escolas Infantís Municipais, destacan o EIM de Montealto.

Por outra banda, o Concello impulsou a segunda edición dos Bonos PRESCO para contribuír á reactivación económica da cidade,

rematando cun balance de 718.830 en descontos a través dos bonos, promovendo vendas na cidade por un valor de 3.035.379 euros. En total, participaron uns 710 comercios da vila coruñesa.

Deputación e Concello xestionarán o Teatro Colón ata 2023

O presidente Valentín González Formoso, a alcaldesa da Coruña e presidenta do IMCE, Inés Rey, e o deputado de Cultura, Xurxo Couto, asinaron o convenio de colaboración para a xestión do Teatro Colón de cara ao bienio 2022/2023.

A Deputación achega a través deste acordo unha cifra de 500.000 euros, dos que 350.000 serán dedicados a financiar os custos da programación e

150.000 ao mantemento das instalacións. Pola súa banda, o IMCE aboará os custos do persoal de xerencia do Teatro e de asistencia técnica.

Formoso e Rey asinaron tamén o convenio de colaboración polo que a Deputación permite ao Concello da Coruña o uso das instalacións do pavillón polideportivo do IES Rosalía Mera para o desenvolvemento de actividades deportivas.



Nova licitación dos contratos de limpeza

A Xunta de Goberno Local extraordinaria celebrada este 31 de decembro de 2021 aprobou a licitación do novo contrato de limpeza dos edificios municipais e do IMCE. Este servizo contará un orzamento de 21.344.292 euros, 5.532.766 euros ao ano durante cinco anos.

O obxectivo deste novo con-

trato é a dignificación das condicións de traballo do persoal de limpeza. Todos eses contratos pasan a estar agrupados agora en 11 lotes con 292 traballadores e traballadoras, establecendo tamén que un 2% dos traballadores e as traballadoras ten que ser menor de 30 anos en situación de desemprego. Tamén se impulsará a igualdade contratando ao 50%

de homes e o 50% de mulleres. Esixírase tamén que o 50% dos empregados teñan contratos indefinidos e primárase que se ofrezca traballo a tempo completo.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local tamén aprobou a liña de financiamento que permitirá, entre outras cuestións, a humanización do Paseo Marítimo da Coruña.

Premios da Xuntanza de Novos Investigadores no Estranxeiro

A Domus da Coruña acolleu a XII Xuntanza de Novos Investigadores no Estranxeiro, organizado polo Instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC) coa colaboración activa dos Museos Científicos Coruñeses e coa presenza do concelleiro de Educación do Concello da Coruña, Javier Celemin.

No evento participaron de

xeito presencial e telemático dúas de investigadores e investigadoras galegas que desenvolven o seu labor en países como Francia, Reino Unido, China, Polonia ou Suecia en diversos ámbitos da ciencia, entre os que destacan a química, xenética, inmunoloxía e microbioloxía, física e astrofísica, cirurxía, medio ambiente ou neurociencia.

O Concello destinará 9 millóns € para vivenda pública

O Goberno municipal da Coruña e o grupo Marea Atlántica presentaron o primeiro acordo orzamentario dentro do marco de diálogo que abriron nos últimos meses. Ámbolos dous grupos decidiron priorizar o dereito á vivenda dentro do orzamento de 2022 e comprometer un investimento superior aos 9 millóns de euros.

Segundo a voceira da Marea Atlántica, María García, "o acceso

á vivenda é un problema na Coruña, onde temos o maior número de pisos baleiros de Galicia, preto de 20.000, e estamos á cabeza do encarecemento da vivenda nas capitais de todo o Estado, cunha suba do 8% no último ano".

No horizonte está presentar a iniciativa conxunta de elaborar un Plan municipal polo dereito á vivenda 2022-2026 que deberá estar aprobado no primeiro semestre de 2022.

Inés Rey: "o diálogo dá os seus froitos en beneficio da Coruña"

Alcaldesa, Inés Rey reivindicou nunha entrevista radiofónica ter consolidado "o mandato do diálogo e da amabilidade," con outras administracións en beneficio dos intereses da cidade, destacando o novo Chuac, a intermodal, a cidade das TIC, o dragado da ría do Burgo ou o tren a Langosteira.

Toda vez agradeceu as achegas de Marea Atlántica aos orzamentos municipais e tras criticar a actitude do PP, Rey confirmou que procederase ao inicio do derribo das casas de San José, que levaba 25 anos pendente, así como informou que en 2020 in-



vestíronse 12 millóns de euros en obras de melloras nos barrios e no 2021, en plena pandemia outros 15 millóns nos dez distritos da cidade, creando ou mellorando 30.000 metros cadrados de espazos peonís en 2021.

'Tanxugueiras', Palabra do Ano 2021

Tanxugueiras, acaba de se converter na Palabra do Ano 2021. A voz máis elixida entre as que chegaron á final do concurso promovido pola páxina web para a difusión do léxico da Real Academia Galega e a Fundación Barrié (tamén o fixeron coada, gromo, resiliencia e vacinódromo) gañou popularidade nos últimos meses da man da banda de Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro, un referente dos novos camiños que está a abrir, con grande éxito, a música tradicional galega. E malia non estar no Dicionario, a palabra que escolleron para chamarse artisticamente ten as raíces ben chantadas no idioma de Galicia: Tanxugueiras é en realidade o plural dun microtopónimo, que elevado á Palabra do Ano se converte tamén nunha icona da gran riqueza da lingua galega como produtora de nomes de lugar que



conforman un patrimonio inmaterial único no mundo.

O topónimo Tanxugueira popularizado pola banda musical designa unhas terras da parroquia de Fumaces, no concello de Riós (Ourense), situadas nun alto e abeiradas. No territorio galego hai outro lugares co mesmo nome nos concellos de Catoira (Pontevedra), Dodro (A Coruña) e, de volta na provincia de Ourense, en Viana do Bolo. O vocábulo é unha alteración da forma etimo-

lóxica Teixugueira, un zootopónimo común no país que sinala os sitios onde hai presenza ou abundancia de teixugos ou porco teixos, un tipo de mamífero de vida nocturna que se alimenta de bichocas, landras e plantas coma a do millo.

Malia non poder coa ilusión contaxiosa da música, a covid-19 si que deixa pegada no segundo, no terceiro e no cuarto posto da votación, que son para resiliencia, vacinódromo e gromo.

Fernández Leiceaga denuncia a "manipulación interesada" por parte da Xunta "co único obxectivo de confrontar" agora coas desgravacións do Xacobeo

O senador socialista Xoaquín Fernández Leiceaga vén de denunciar a "manipulación interesada da Xunta co único obxectivo de crear unha confrontación ficticia" de novo a conta do Xacobeo. Así o dixo logo de que Rueda critique agora que as desgravacións fiscais do Ano Santo se limiten precisamente ao Ano Santo, 2021 e 2022, o que antes aceptaba sen problemas.

Xoaquín Fernández Leiceaga reclamoulle ao goberno galego que "eviten danar ao Xacobeo utilizando o que é unha oportunidade e un beneficio de país como ariete contra o goberno central".

Lembra que o goberno de Rajoy fixara os beneficios fiscais até setembro de 2021, sen que a Xunta protestara, e que foran prorrogados polo goberno de Pedro Sánchez



mediante Real Decreto Lei até setembro de 2022 cando se ampliou a dita celebración, de novo co beneplácito do goberno galego.

Considera "lamentable" que o goberno galego utilice esta conmemoración para "crear inimigos ficticios" e agochar a realidade

de que "o goberno central cumpriu facendo por primeira vez un programa para o Xacobeo, con accións executivas que van na boa liña". Puntualizou que "seguir ampliando indefinidamente os beneficios fiscais como plantexa agora a Xunta carece de sentido".

PSdeG destaca a chegada do AVE a Galicia

O voceiro parlamentario do PSdeG, Gonzalo Caballero, celebrou a chegada do AVE a Galicia "que deixa en evidencia as mentiras de Feijóo". Fixoo tras participar na viaxe inaugural do AVE entre Madrid e Ourense, xunto ao xefe do Estado e ao presidente do goberno, Pedro Sánchez, entre outros representantes.

Caballero puxo sobre a mesa a necesidade de avanzar en

"novos retos" de investimento en materia ferroviaria de cara aos próximos anos, en particular no referente á conexión con Vigo. En canto a Lugo, Gonzalo Caballero destacou o investimento comprometido polo goberno de España de 546 millóns de euros para a electrificación das vías que "permitirá dar un impulso a esta infraestrutura e dotala dunha conexión coa alta velocidade".

O TSXG aproba o seu primeiro protocolo sobre crimes sexuais

Grazas ó labor dun equipo multidisciplinar dirixido pola xuíza de instrución compostelá Ana López-Suevos Fraguera, a sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) difundiu entre os xulgados da xurisdición penal o primeiro protocolo de actuación integral sobre crimes sexuais.

O seu uso é voluntario, porque non se trata dunha norma xurídica, pero xa se adheriron a comisaría da Policía Nacional de Santiago de Compostela, o colexio de avogados, o decanato dos xulgados, a xerencia do Servizo Galego de Saúde (SerGas), a Xunta —desde Vicepresidencia á dirección xeral de Familia ou a secretaria xeral de Igualdade—, a Policía Autono-



mica, o goberno municipal compostelán e as alcaldías de Ames, Teo e Boqueixón.

O protocolo é áxil e didáctico, e aborda desde como debe levar a cabo a actuación médica forense, a investigación policial e, de forma moi especial, o tratamento e acompañamento das vítimas en todos os supostos, desde menores a maiores de 14 anos ou persoas afectadas por discapacidade que necesiten unha especial protección.

PSdeG ve "imprescindible" a recuperación económica en 2022

Na súa mensaxe de Fin de Ano 2021, o secretario xeral do PSdeG-PSOE, Valentín González Formoso, recoñeceu o traballo "inesgotable e imprescindible" do persoal sanitario, apuntou á campaña da vacinación como un "fito histórico".

Sinalou que o 2022 "traerá grandes retos" como a aposta pola sanidade e a educación públicas e a recuperación económica "para que mozos e mozas deste país non teñan que emigrar e poidan contribuír a mellorar o futuro de Galicia".

Muíños terá un novo centro de saúde que duplicará a superficie do actual

O delegado territorial da Xunta en Ourense, Gabriel Alén, acompañado da directora de RREE da Área Sanitaria de Ourense, Verín e Valdeorras, Cristina Enjamio, e do alcalde de Muíños, Plácido Álvarez, visitaron, acompañados de persoal técnico do Sergas, a parcela proposta polo Concello para a construción do novo centro de saúde.

Este centro de saúde aparece recollido na Fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria aprobado pola Xunta de Galicia o pasado outubro. O goberno galego, logo dun estudo do estado das infraestruturas de atención primaria en toda Galicia, decidiu priorizar a construción dun

novo centro de saúde en Muíños tendo en conta que o actual centro de saúde, de 36 anos de antigüidade, comparte espazos con vivendas municipais, e ten deficiencias estruturais que dificultan unha atención de calidade.

Para substituílo, o documento estratéxico propón un novo centro cun plan funcional que contempla unha consulta de medicina, unha consulta de enfermería e unha sala polivalente, da que carece o actual inmobile, ademais doutras estancias como sala de xuntas e almacén. En consecuencia, o plan prevé que o novo centro, con case 340 m2 duplique en superficie ao actual, que apenas chega aos 170.

Logo da aprobación do Plan

de Infraestruturas de Atención Primaria, o conselleiro de sanidade remitiulle, o 4 de novembro, cartas a todos os alcaldes e alcaldesas dos 28 concellos nos que se contempla a construción de novos centros de saúde dentro das fases 1 e 2 do Plan. Seguindo o procedemento habitual na posta en marcha destas infraestruturas, a Xunta solicitaba a pronta achega, por parte dos concellos, de parcelas viables para axilizar o proceso administrativo de licitación de proxecto e obra e de posta en funcionamento dos novos centros.

Para facilitar a localización das parcelas, o conselleiro indicou a cada concello os requisitos para as dimensións do centro proxec-



Este centro de saúde aparece na Fase 1 do Plan de Infraestruturas Sanitarias.

tado, que no caso de Muíños concretábanse na necesidade da cesión dunha parcela cunha edificabilidade de 339 m2

Unha vez respondida esa solicitude por parte do Concello coa oferta dunha parcela, na que é unha das primeiras propostas concretas recibidas pola Xunta por parte dos 28 concellos contactados,

a consellería de Sanidade deu inmediata resposta organizando esta visita técnica aos terreos para poder avaliar así a súa idoneidade e, no caso de confirmala, comezar os trámites para asinar un convenio de cesión da parcela por parte do concello e de inicio da licitación por parte da Xunta do proxecto construtivo.

O Concello adquirirá 40 novos autobuses de última xeración

O Concello de Ourense adquirirá 40 novos autobuses para renovar e reforzar o servizo de transporte urbano da cidade. A xunta de goberno local aprobou en sesión extraordinaria celebrada o 29 de decembro de 2021 o expediente para contratar esta subministración, que se realizará en tre lotes, por procedemento aberto e cun importe global de 13.999.700 euros.

A compra dos novos vehículos, de última xeración, suporá “un antes e un despois na mobilidade da cidade”, avanzou o alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, quen lembra que a flota actual conta con vehículos de até dúas décadas de antigüidade. O rexedor confía en que a adxudicación do contrato poida estar completada no mes de marzo, de xeito que os vehículos cheguen á cidade en decembro de 2022, logo dun período de 8 meses de fabricación.

A adquisición de novos vehículos inclúe un total de 15 autobuses de 11 metros, que des-



Algúns autobuses xa teñen vinte anos de servizo.

tacan pola súa grande manobrabilidade, 15 microbuses, para uso principalmente nos barrios, e 10 autobuses eléctricos.

Aínda que non era a opción inicial, o goberno municipal decidiu finalmente que 10 das 40 unidades sexan vehículos eléctricos. Toma esta decisión á vista da normativa ditada polo goberno do Estado, coa finalidade de que o Concello poida acceder a fondos europeos para financiar este cuantioso investimento. A normativa está recollida no Real Decreto-lei 24/2021, de 2 de novembro de transposición de

directivas da Unión Europea para a promoción de vehículos de transporte limpos e enerxeticamente eficientes.

En consecuencia, a configuración final dos autobuses serán: 15 Diesel Euro6 de 8 metros, dobre porta e piso semibaixo. 15 Diesel Euro6 de 11 metros, dobre porta e plataforma baixa. 10 Eléctricos de 12 metros, dobre porta e plataforma baixa. A compra dos vehículos converterá Ourense no concello de Galicia con máis vehículos eléctricos ou limpos no servizo de transporte público.

A Xunta construírá un novo edificio administrativo



Os terreos están ao carón da residencia de estudantes.

O Consello da Xunta autorizou o 29 de decembro de 2021 a adquisición por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública, de catro parcelas en Ourense por importe de 8,47 millóns de euros (IVE engadido) para a construción dun novo edificio administrativo que unifique as distintas sedes administrativas que ten a Xunta no Concello de Ourense.

Estas catro parcelas están situadas nun solar de grandes dimensións situado preto do centro de Ourense, na zona do Campus

Universitario no barrio das Lagoas e que actualmente se atopa en desenvolvemento urbanístico.

A adquisición destes terreos e a posterior construción do novo edificio administrativo permitirá liberar os inmobles que actualmente ocupan as distintas dependencias administrativas e aforrar en alugueiros.

Esta actuación enmárcase na liña patrimonial do Goberno galego de traballar na concentración de espazos administrativos que beneficiará o conxunto dos cidadáns na súa relación diaria coa Xunta de Galicia.

Viaxe inaugural da Alta Velocidade desde Chamartín a Ourense

O tren inaugural do AVE a Galicia o día 20 de decembro de 2021, con once vagóns, saíu da estación de Chamartín ás 09.42 e chegou a Ourense ás 12.16 con paradas en Zamora e A Gudiña. No primeiro vagón viaxaron todas as autoridades dunha comitiva presidida polo Rey Felipe VI, sentado co presidente do Goberno, Pedro Sánchez; a vicepresidenta segunda, Yolanda Díaz; e a ministra de Transportes, Raquel Sánchez. Logo subíriase Alberto Núñez Feijóo, presidente da Xunta.

O AVE chegou á estación de Zamora ás 10.52. A segunda parada foi ás 11.35 na Gudiña (Porta de entrada a Galicia), onde se inaugurou a estación. Na Gudiña subiron ao tren o presidente do Parlamento galego, Miguel Santalices, e o presidente da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar. Polo PSdeG, o seu secretario xeral, Valentín Gon-



Acto inaugural do AVE a Galicia.

zález Formoso, entre outros, acompañado dos alcaldes da Coruña e Santiago, Inés Rey e Xosé Sánchez Bugallo e o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca (alcalde de Monforte).

Na estación de Ourense Empalme estaba o alcalde, Gonzalo

Pérez Jácome, con integrantes da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense para dar a benvida ás autoridades. Aquí proxectouse un vídeo de promoción, falou Raquel Sánchez, Alberto Núñez Feijóo e, o presidente Sánchez pechou o acto.

Fallo do Alvia na Gudiña



Inauguración da nova estación da Gudiña.

O tren de Guixar que partiu de Vigo á primeira hora da mañá do día 21 de decembro deixou en terra a cinco pasaxeiros que esperaban na estación da Gudiña. Adif levou ao Alvia por unha vía diferente á estipulada, que partía de Vigo ás 05.50 horas con destino Madrid, e que debía facer parada na plataforma da porta de Galicia (A Gudiña).

Renfe informou os usuarios

afectados que lles recolocaría no seguinte Alvia con destino á capital de España, que partiu de Vigo ás 08.00 horas e con parada na Gudiña ás 10.34 horas. Para intentar compensar aos viaxeiros, o traxecto fixérono nun vagón de preferencia Clase Premium. Os pasaxeiros chegaron a Madrid ás 12.58 horas, no canto das 10.20 horas como tiñan previsto (con máis de dúas horas e media de atraso).

A asemblea da Red de Ciudades AVE terá lugar en Ourense neste ano

Celebrouse en Sevilla a asemblea Ordinaria da Rede de Cidades AVE 2019, á que asistiu telemáticamente a concelleira de Turismo, Flora Moure, como representante do Concello de Ourense. Flora Moure, solicitou formalmente que a vindeira asemblea da Rede de Cidades AVE se celebre na cidade de Ourense, petición que xa manifestara en 2019 o anterior concelleiro de Turismo, Jorge Pumar, argumentando que o feito de que Ourense sexa cidade fundadora desta asemblea, e coa chegada do AVE a Galicia, é de xustiza que sexa a cidade das Burgas a que acolla a vindeira asemblea a nivel estatal. De feito, esta suxerencia

fora refrendada tamén ao ano seguinte, en 2020, por parte da actual edil de Turismo, Flora Moure.

“Consideramos que esta asemblea, prevista para 2022, debería ter lugar en Ourense, tendo en conta que a próxima semana xa teremos AVE e aproveitando, ademais, que o próximo ano tamén será Ano Santo Xacobeo, e así foi estimado pola Presidencia da Rede de Cidades AVE. Será unha oportunidade inmillorable para a promoción turística da cidade e para establecer sinerxias e cooperación con outras cidades que comparten con Ourense a Alta Velocidade”, argumentou Flora Moure na súa intervención diante da asemblea da Rede Cidades AVE.

“Desde o Concello, e desde a Concellería de Turismo en particular, traballamos para que a chegada do AVE constitúa unha oportunidade de crecemento e mellora das potencialidades da nosa cidade, e por iso acoller a próxima Asemblea Ordinaria da Rede de Cidades AVE será unha oportunidade histórica para alcanzar os nosos obxectivos”, sinalou Flora Moure.

A Red de Cidades AVE, -que integra Sevilla, Málaga, Valencia, Barcelona e León, entre outras- é o produto turístico resultante da fusión do tren como medio de transporte sustentable, rápido e eficaz por excelencia e o patrimonio das cidades que a forman.



Asemblea Ordinaria telemática da Rede de Cidades AVE.

A Asociación ten dous tipos de produtos turísticos: Escapadas en AVE, que engloba viaxe en AVE, hoteis a prezos especiais e actividades de lecer no destino. Unha oportunidade para coñecer e vivir cada cidade.

O segundo produto é Renfe Spain Pass, un servizo de billetes dirixido exclusivamente aos turistas estranxeiros o que supón

unha nova forma de viaxar e que, ademais, facilita os desprazamentos podendo coñecer varios destinos da Rede de Cidades AVE nunha mesma escapada. Pódense elixir entre 4, 6, 8 e 10 viaxes e compralos ata con seis meses de antelación. Está dispoñible en dúas categorías, turista e Business, tanto para nenos como para adultos.

Os autobuses que conectan Lugo, Pontevedra e Vigo con Ourense están coordinados cos servizos de tren a Madrid

A Xunta adaptou desde o martes 21 de decembro, os horarios dos autobuses que conectan Lugo, Pontevedra e Vigo coa cidade de Ourense para facilitar aos pasaxeiros os enlaces cos novos horarios dos trens entre Galicia e Madrid. A chegada do AVE a Ourense, coa posta en servizo do último treito de alta velocidade da conexión coa metase, fai preciso adecuar os horarios dos autobuses interurbanos ás novas horas de paso dos trens pola cidade de Ourense. A Xunta posibilita unha intermodalidade áxil entre o autobús e o tren aos pasaxeiros doutros puntos da comunidade que contan cunha oferta de servizos ferroviarios máis reducida cara a Madrid.

Coas modificacións que se implantaron o martes, día 21, a Xunta garante a coordinación coas saídas e chegadas do tren programadas por Renfe en Ourense de 134 servizos de autobús que unen a cidade cada semana con Lugo, Pontevedra e Vigo: 15 serán novos servizos, axústanse os horarios doutros 57 e 62 manteranse



Estación de autobuses de Ourense.

na súa configuración actual, ao garantir esperas reducidas aos pasaxeiros desas cidades.

Lugo

No caso de Lugo, as expedicións de autobús estarán adaptadas ás saídas e chegadas de 6 trens diarios entre Ourense e Madrid de luns a venres, 3 de ida e outros 3 de volta. Os sábados e os domingos facilítase o enlace con 3 trens, 1 de ida e 2 de volta. A coordinación dos servizos de autobús deseñada pola Xunta permítelles aos lugueses acceder cun enlace coordinado aos trens con

saída de Ourense ou chegada á primeira hora da mañá para os cales Renfe non ofrece conexión ferroviaria con Lugo.

Pontevedra

Os pasaxeiros de Pontevedra disporán os días laborables de 5 autobuses adaptados ás novas horas de paso dos servizos ferroviarios pola estación de Ourense, 2 os sábados e 2 os domingos. Para garantir unha conexión áxil cos trens, a Xunta axustou os horarios de 3 servizos interurbanos os días laborables e 2 os domingos.

Vigo

Pola súa banda, Vigo contará con ata 12 posibilidades de enlace en Ourense cada día entre semana, 5 os sábados e 4 os domingos. Dos 69 servizos de autobús que servirán de conexión cos trens cada semana, foi preciso axustar os horarios de 26 servizos, mentres 10 son novos e 33 xa son funcionais para os pasaxeiros do tren tal e como se atopan configurados. A ampla oferta de frecuencias de autobús entre estas dúas cidades permitirá aos pasaxeiros de Vigo aproveitar trens que non conectan

a cidade olívica con Madrid, á vez que, en moitas ocasións, a duración da viaxe en autobús é menor da que ofrecen os trens actuais entre Vigo e Ourense. Os vigueses poderán coller o primeiro tren AVE da mañá con destino á capital de España que sae ás 06,30 horas de Ourense ou o último AVE de regreso que chega ás 22,50 horas. Para facer posible estes dous enlaces en Ourense, a Xunta implanta dous novos autobuses directos de luns a venres, un que sairá de Vigo ás 05,15 horas e outro con hora de regreso ás 23,00 horas desde Ourense.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade salienta a importancia de dotar a conexión en tren entre Galicia e Madrid dunha oferta de servizos que permita obter o máximo rendemento da nova infraestrutura. Así mesmo, reitera a necesidade de que Renfe poña en servizo canto antes os trens Avril de ancho variable para que o AVE chegue tamén ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo e lograr tempos de viaxe competitivos.

Traballadores ferroviarios piden máis trens rexionais

Traballadores ferroviarios das catro provincias reclamaron unha mellor vertebração das conexións autonómicas e a recuperación de liñas que xa existen pero que están en desuso. Como é o caso da que conecta polo norte co País Vasco.

“O que necesita Galicia son traballadores que axuden e atendan aos pasaxeiros. Persoas que xestionen o tráfico ferroviario e ocúpense da infraestrutura. Non necesitamos privatizacións, nin externalizacións, ou como o queiran chamar. Queremos empregados públicos e queremos xa”. “Estamos a nos manifestar para visibili-

zar o problema e poder establecer unha negociación coa empresa. Pero vai chegar un momento no que, se Adif e Renfe non se queren reunir connosco, teremos que facer folga e paros que repercutan no usuario”, advirten sobre a tensa situación na que podería derivar o descontento.

“Temos varias liñas abandonadas, como a da Coruña-Lugo e Ourense-O Carballiño e unha modificación de horarios continua que dificulta que os usuarios se manteñan fieis ao servizo porque senten que non poden depender del. Chócanos tamén que mentres no resto de Europa se aposta polos trens nocturnos, por ser un

transporte sostible, aquí en Galicia están sendo eliminados os que tiñamos. Porque, ademais, os datos demostran que o que máis perdas económicas dá é a Alta Velocidade”, sostén o representante do comité.

“Hai unha falta de investimento público en obras de mantemento e traballadores que agora pretenden tapar co que venden como unha débeda histórica saldada con Galicia. Non hai máis que ver as declaracións de todos os políticos nesta mesma estación o luns”, lamentou ante algunhas citas desafortunadas.

Tamén lembrou que a liña A Coruña-Vigo non é de Alta Velo-



Ferrovianos manifestándose entre o público asistente á inauguración da Alta Velocidade.

cidade, senón unha liña convencional con moi boas condicións cuxo modelo debería extrapolarse ao resto do territorio. “As redes que conecten os pobos e cidades

deberían ser así para cubrir, realmente, as necesidades dos galegos e conseguir menos dependencia dos automóbiles, que contaminan moito máis”, finalizou.

Monforte e Sober renovan pavillón e piscina

O secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa, visitou Monforte e Sober concellos nos que a Xunta de Galicia levou a cabo as melloras das súas infraestruturas deportivas grazas aos convenios de colaboración asinados coas entidades municipais que acadaron un importe próximo aos 50.000 euros.

No caso de Monforte, o secretario xeral, acompañado polo alcalde José Tomé, supervisou a instalación do vídeo marcador no pavillón municipal da Pinguela. En total, a adquisición, subministro e instalación da pantalla acadou un orzamento de 27.480,43 euros, sendo achegado pola Xunta o 73% (20.000 euros)

e o restante 27% polo concello (7.480,43 euros).

O vídeo marcador deportivo LED ten un tamaño duns 10 m2, con tecnoloxía de última xeración para uso en interiores, cunha resolución pixel pitch 4,8 mm e de tecnoloxía led SMD. Conta cun ordenador de control con software específico para procesador led e software específico para uso de marcador; superficie gráfica da pantalla led deportiva de 10 m2; consola deportiva para manexo de marcador; estrutura para fixación da pantalla; bocina; xogo de dous marcadores de posesión, homologados por FIBA e consola de posesión.

No pavillón da Pinguela compiten o Club Voleibol Ribeira

Sacra, o Club Voleibol Korbis e o Club de Ximnasia Rítmica Quicela, así como alberga eventos deportivos de diversas modalidades como taekwondo, ximnasia rítmica e voleibol. Na instalación tamén se levan a cabo actividades propias do deporte escolar, dispútase a liga local de fútbol sala e lévanse a cabo as actividades do programa deportivo de verán que organiza o Concello de Monforte.

Instantes despois, o mandatario galego dirixiuse ao Concello de Sober onde, acompañado polo alcalde, Luís Fernández Guitián, visitaron as piscinas municipais que veñen de ser obxecto de obras de mellora e conservación. En total, o convenio asinado entre as dúas administracións acadou os



Lete Lasa con Fernández Guitián en Sober.

19.993,76 euros, sendo achegados pola Xunta o 80% (15.995,01 euros), e polo goberno local, o restante 20% (3.998,75 euros).

As obras que se levaron a cabo comprenderon a actuación no valado substituíndo o valo actual por un composto por vidro e superficies de suxeición de aceiro, así como outras reparacións entre as que destacan a reparación da canle de rebose exterior, re-

paración do vaso da piscina principal e o cambio do skimmer na piscina pequena.

En total, dos 32.474.216 euros cos que conta a Secretaría Xeral para o Deporte en 2021 (un 28,5% máis que en 2020), 9,15 millóns foron destinados a obras de creación e reforma de infraestrutura deportiva, un 118% máis que en 2020 cando se destinou ao mesmo obxecto 4,2 millóns de euros.

O Banco de Alimentos recibiu da Xunta 13 toneladas de produtos agroalimentarios

O director xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, José Balseiros, fixo entrega de alimentos no marco da canle Mercaproximidade ao Banco de Alimentos de Lugo. En total, esta asociación solidaria beneficiouse da achega de 12.900 quilos de produtos do agro (patacas, Ternera Gallega e mel), así como de 1.365 pezas de queixo da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Tetilla.

O director xeral destacou que esta iniciativa se enmarca dentro da rede Mercaproximidade, a canle alternativa de comercialización habilitada polo Goberno galego ao inicio da emerxencia sanitaria para garantir que as producións do noso sector primario atopaban saída nas principais cadeas de distribución.

Ao abeiro de Mercaproximidade, no conxunto de Galicia distribuíronse en decembro un total de 62.800 quilos de produtos, contabilizando patacas, Ternera Gallega, mel, porco celta

e cordeiro, así como 4.055 pezas de queixos con DOP, 70 pezas de salchichón e chourizo cular e un cento de tarrinas de requixo. En total, estes produtos de calidade acadan un valor que se achega aos 89.000 euros. Todo este material estase a entregar aos bancos de alimentos da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Rías Altas, Monforte, A Mariña e Santiago de Compostela.

Mercaproximidade

Dende o comezo da emerxencia sanitaria pola covid-19, a Xunta doou este tipo de produtos tanto aos bancos de alimentos como ás cocinas económicas, para atender os colectivos máis desfavorecidos. Así mesmo, cedéronse alimentos aos hospitais galegos, para que puidesen confeccionar os seus menús con producións de proximidade e de calidade diferenciada.

No marco da canle Mercaproximidade, que tiña como principal obxectivo dar saída aos produtos agroalimentarios galegos nos establecementos das



Banco de Alimentos de Lugo.

principais cadeas de distribución que operan en Galicia, tamén se desenvolveron campañas nas redes sociais baixo os cancelos #EuVoudeSuperfeirón e #Feirón-NaCasa, para impulsar a compra de produtos locais de calidade, así como o seu emprego para a elaboración de receitas gastronómicas.

A maiores, tamén dentro de Mercaproximidade, a Consellería

do Medio Rural repartiu entre preto dunha decena de centros escolares galegos máis de 600 quilos de produtos agroalimentarios da nosa comunidade para que puidesen confeccionar menús de Nadal a preto de 1.650 rapaces. En concreto, foron oito centros escolares galegos os que recibiron estas producións por parte da Xunta para elaborar os seus menús de Nadal.

Tina Gutiérrez e o Xacobeo 2022



A soprano Tina Gutiérrez.

Tina Gutiérrez, soprano asturiana, ofrecerá no Principado catro concertos en homenaxe ao Xacobeo 2022 co apoio da Consejería de Cultura do Goberno asturiano. O día 21 de xaneiro será en Soto del Barco; o 12 de febreiro, en Tapia de Casariego; o 13 de abril, en Candás e o 26 de maio en Cangas de Onís.

Acompañarán á soprano varios músicos galegos; un poeta galego e outro asturiano e músicos de Asturias. Lucía Pérez, a cantante do Incio estará convidada a participar. É desexo de Tina Gutiérrez poder ofrecer estes concertos en Galicia ao longo deste ano.

A Xunta reformará o Hospital Público da Mariña

A Consellería de Sanidade avanza na redacción do proxecto básico e de execución das fases II e III de reforma do Hospital Público da Mariña, obras que contarán cun orzamento aproximado de 15 millóns de euros.

Javier Arias, delegado da Xunta, mantivo unha reunión co xerente da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, Ramón Ares, e coa directora do hospital, María José Cortés, para avaliar a marcha do proxecto e os prazos previstos para poder licitar as obras posiblemente o vindeiro ano. Arias explicou que o contrato co equipo de arquitectos encargado de redactar os proxectos e da dirección de obra



Renovarase as instalacións liberadas nas fases anteriores e mellorarán di-

foi asinado o pasado mes de outubro por un orzamento de 382.000 euros. Prevese que nun prazo de cinco meses desde esa

sinatura, a empresa entregue os proxectos do novo edificio así como da urbanización e construción de viario e accesos. Poste-

riormente, o Sergas supervisará e aprobará estes proxectos e licitará o contrato de obras.

A fase II contempla a construción dun edificio anexo de dúas plantas con superficie suficiente para albergar o Servizo de Mantemento e a Unidade de Prevención de Riscos Laborais en planta baixa, e salón de actos e dependencias de docencia na planta alta. Tamén inclúe a reforma da antiga zona de diálise para acoller os novos laboratorios de análises clínicos, anatomía patolóxica e microbioloxía. Nos espazos liberados no actual edificio completárase a reforma de gabinetes de exploración e consultas externas; a creación dun novo hospital de día de procesos asistenciais;

e a reforma do servizo de admisión e da unidade de neonatoloxía.

A fase III suporá a ampliación e mellora dos servizos de urxencias e radiodiagnóstico, así como a reforma da área de cirurxía maior ambulatoria, da unidade de recuperación post anestésica e da área de críticos, e os cambios para albergar pediatría no segundo piso.

“A Xunta -afirmou o delegado- segue a ampliar e modernizar o hospital da Mariña, para poñer a disposición dos veciños e veciñas da contorna instalacións sanitarias confortables e coas mellores dotacións”. Ao respecto, lembrou que recentemente instaláronse dous novos equipos radiocirúrxicos, cun custo superior aos 180.000 euros.

A Xunta apoia o labor da Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Lugo

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda achega 25.100 euros á Sociedade Protectora de Animais e Prantas de Lugo a través da nova liña de axudas para colaborar con entidades inscritas no Rexistro galego de asociacións para a protección e defensa dos animais de compañía.

O delegado territorial do Goberno galego, Javier Arias, visitou as instalacións da Protectora en Santa María de Muxa, onde explicou que a Xunta contribúe a sufragar gastos deste tipo de colectivos derivados do coidado e atención dos animais aloxados nos seus centros.

Abónanse custos de esterilización cirúrxica dos exemplares que tutelan; a identificación dos mesmos mediante implantación de microchip, a inscrición no Rexistro galego de identificación de animais de compañía (Regiac) e a expedición do pasaporte sanitario. A Xunta tamén axuda á compra de alimentos, a vacinación preventiva, a desparasitación e outras medidas profilácticas.

Ademais, concédense fondos



Instalacións da Protectora en Santa María de Muxa.

para realizar campañas de concienciación, promoción da tenza responsable e fomento das adopcións, así como para comprar material non funxible co fin de dotar aos centros que xestionan este tipo de entidades dos medios necesarios para atender aos animais.

“Trátase dunha das liñas de acción do Goberno galego para garantir a protección e defensa dos animais domésticos abandonados”, dixo Arias, quen apuntou que hai outra orde de subvencións

dirixidas ás administracións locais, como responsables da recollida e acollemento e da xestión das colonias felinas. No caso da provincia de Lugo, esta convocatoria beneficiou ao concello de Ribadeo, que recibe unha achega de 5.650 euros.

O delegado incidiu en que as dúas ordes deste ano ampliaron de forma notable o abano de gastos subvencionables con respecto ás tres convocatorias anteriores e lembrou que a Administración autonómica leva mobilizado desde 2017 un orzamento global de máis dun millón de euros para atender os coidados e necesidades dos animais abandonados. Ao tempo, mantén campañas de sensibilización sobre a tenza responsable de mascotas e loita contra o abandono.

Arias lembrou que hoxe se celebra o Día Internacional dos Dereitos dos Animais e apuntou que o municipio de Lugo destaca polo seu elevado censo canino. No Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía constan 20.482 cans inscritos na cidade, e no conxunto da provincia a cifra ascende a 100.077.

A Xunta financia programas de inclusión social en trece concellos



A Xunta financia con 924.500 euros programas de atención a persoas en risco ou situación de vulnerabilidade que desenvolverán 13 concellos de Lugo. Estas achegas concédense ao abeiro da orde de axudas de inclusión social para o período 2021-2023.

A través desta orde de axuda, os entes locais sufragarán programas que permitirán a adquisición de formación básica ou laboral adaptada ás necesidades dos destinatarios; a realización de actuacións de mediación intercultural ou de carácter residencial, e programas de educación e apoio familiar.

No conxunto de Galicia, a Xunta financia con 5,8 millóns de euros 208 programas de aten-

ción a persoas en risco ou situación de vulnerabilidade que desenvolverán 59 concellos.

O Goberno galego incrementou en 600.000 euros a contía adxudicada desta orde con respecto á pasada convocatoria. Ademais, tamén aumentou o período para levar a cabo os programas subvencionados de 20 a 22 meses, o que permite que os proxectos teñan maior estabilidade financeira e poidan ter marxe para ser máis ambiciosos.

Así mesmo, por segunda vez inclúese un programa específico para atención ás persoas sen fogar, na liña do Plan pioneiro que ten en marcha a Xunta de Galicia para axudar a este colectivo a superar a súa situación.

As marxes das estradas autonómicas estanse rozando

A Xunta iniciou novos traballos de limpeza nas marxes das estradas autonómicas nas provincias de Lugo e de Ourense e proseguirá cos traballos xa en marcha en estradas das provincias da Coruña e de Pontevedra. Comezaron na provincia de Lugo os traballos de limpeza e roza na estrada LU-111, no municipio de Rábade. Na provincia de Ourense, na vía OU-212 no seu percorrido polos municipios de Beariz, Avión, Carballeda de Avia e Beade.

Ao tempo que se inician estas novas actuacións, a Xunta seguirá coas intervencións que está a desenvolver na LU-540 ao seu paso

polo municipio lucense de Viveiro; e na LU-541, en Vilalba e Rábade. Na provincia de Ourense proseguirán os traballos na OU-320, nos municipios de Sandiás, Allariz e Taboada; e na estrada OU-540, en Ourense.

Estas actuacións contribúen á prevención dos lumes, ao eliminar especies pirófilas como o piñeiro, o eucalipto ou a acacia nas marxes das vías de titularidade da Xunta. Dáse así cumprimento á Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, que recolle o obxectivo da rotura da continuidade horizontal e vertical da biomasa, de modo que as estradas

actúen con efecto “cortalumes”.

O control da vexetación tamén supón a mellora da seguridade viaria. Os traballos realizados eliminan árbores que poderían caer á vía en caso de temporal e evitan que invadan as beiravías ou beirarrúas, facilitando o tránsito de peóns e ciclistas. Tamén serve para aumentar a visibilidade dos usuarios e consegue o efecto de afastar da vía animais como os xabarís.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciou o pasado mes de xullo estes labores, tras renovar coa empresa pública Seaga o contrato para acometer tarefas de roza e limpeza nas estradas



Cada semana 30 operarios e 15 máquinas traballan para levar a cabo estas tarefas.

autonómicas para previr lumes e reforzar a seguridade viaria, cun investimento de preto de 1,5 millóns de euros.

Estas novas accións de conservación nas vías de titularidade da Xunta levan permitido, desde o inicio da renovación da encomenda a Seaga, a roza mecánica

de máis de 320 quilómetros lineais, actuar nunha superficie de máis de 112.500 m² de xeito manual; ademais de propiciar a retirada de 1.500 árbores en dominio público de estradas, susceptibles de provocar lumes ou que supoñían un risco de caída na calzada.

Monforte participou en León na 58ª Asemblea da Red de Juderías de España

José Tomé Roca alcalde de Monforte, a primeira tenente de alcalde, Gloria Prada, participaron na 58ª Asemblea xeral ordinaria da Red de Juderías de España-Caminos de Sefarad. Durante a Asemblea, que se celebrou no Parador Nacional de San Marcos en León, traballouse en diferentes asuntos de interese, fundamentalmente o orzamento e os novos proxectos para o ano 2022, englobados tanto no área de Promoción Turística como nas áreas de Educación ou Cultura.

Do mesmo xeito, deuse conta das actividades desenvoltas no ano 2021 nas súas principais áreas de actuación en turismo, educación e comunicación, marcadas pola especial situación de crise derivada da Covid-19, e aprobouse o orzamento para o exercicio 2022.

O encontro serviu para abordar novos retos para o período 2022-2025, a través de estratexias comúns de futuro, co obxectivo de acadar unha maior promoción das cidades da Rede nos mercados turísticos e culturais tanto nacionais como internacionais.

A estas estratexias sumouse o Concello de Monforte, que en verbas do seu alcalde destacou que “é moi importante para todos os membros da Red incorporarse a novas inicia-



tivas de turismo e promoción que se engadan ás xa existentes e consolidar estratexias comúns de actuación para difundir o pasado e patrimonio xudeus das cidades e atraer visitantes nacionais e internacionais”.

Durante a celebración da Asemblea Xeral, tivo lugar un encontro telemático co Presidente de Paradores, Pedro Saura, para formalizar a sinatura dun acordo de colaboración que permitirá establecer futuras sinerxias entre ambas institucións dado que 11 cidades da Red de Juderías contan cun Parador Nacional.

A alta participación nesta Asemblea, na que acudiron 19 das 21 cidades integrantes da Rede e pertencentes a nove comunidades autónomas, pon de manifesto o interese crecente que supoñen para estas cidades as diferentes propostas articuladas desde a

Rede en torno á revalorización do patrimonio sefardí.

A celebración da Asemblea contou con diversas actividades, como unha visita guiada pola Xudería de León, unha comida institucional, e un concerto de música, danza e poesía do grupo Evoéh que interpretou “Rituales del Amor”, dedicado ós cantares de voda sefardí, e “El Poeta Enamorado” a súa especial homenaxe á obra do poeta e filósofo Ibn Gabirol, do que se cumpren mil anos do seu nacemento.

Finalmente, está previsto que Monforte presida en 2023 a Red de Juderías, e que polo tanto a cidade acolla a celebración da súa Asemblea anual, xa que esta presidencia establécese por orde alfabética: se León asumiu a presidencia en 2021, en 2022 será a quenda de Lucena, e en 2023, Monforte de Lemos.

A Xunta mellora infraestruturas turísticas de 28 concellos rurais

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou en Baralla as actuacións realizadas para a recuperación e posta en valor da fonte da Praza Maior, sufragadas cunha achega de 30.000 euros ao abeiro desta convocatoria; estivo acompañado polo alcalde, Miguel González Piñeiro.

Arias explicou que se trata de fomentar a recuperación, accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos en concellos de ata 10.000 habitantes cara á consolidación da oferta turística nas zonas rurais, a través da posta en valor da súa riqueza histórica, cultural, patrimonial e paisaxística. O obxectivo, apuntou, “é potenciar o turismo como factor de crecemento económico e de reequilibrio territorial”.

Neste sentido, promóvense propostas de creación ou rehabilitación de miradoiros, rutas de sendeirismo, embelecemento de espazos públicos, iluminación ornamental, áreas recreativas, zonas de aparcamento ou para autocaravanas, e reforma de dotacións culturais, entre outras. O importe máximo da achega é do 100% do investimento subvencionable co límite de 30.000 euros, contía que practicamente alcanzaron todos os proxectos lucenses.

No tocante á distribución territorial, no sur da provincia concedéronse achegas por importe total de 180.000 euros para seis proxectos; na Mariña destinouse un orzamento global de 157.700 euros para seis actuacións; a Terra Chá e Meira suman cinco proxectos e 147.300 euros; a comarca de Lugo contabiliza catro propostas e case 120.000 euros; na Montaña rexistráronse tres concesións, con 89.900 euros de orzamento; e A Ulloa e Sarria contan dúas obras en cada caso, con 60.000 e 44.500 euros en achegas respectivamente.

Sober destina máis da metade do orzamento a benestar comunitario

O Concello de Sober destina 1.500.000 euros das Contas do ano 2022 a gasto social e benestar comunitario, o que significa máis do 50 por cento do presuposto para 2022. O goberno local aprobou os presupostos para 2022 cos votos a favor de PP e PSOE e a abstención de Agroma Sober. Uns orzamentos que totalizan 2.783.910 euros e nos que se tiveron en conta a previsión da transversalidade de xénero en cada unha das súas partidas, de xeito que se transmita unha imaxe efectiva igualitaria, plural e non esterotipada de homes e mulleres na sociedade.

Desta maneira, garántese a igualdade no acceso o emprego, na formación, na promoción e nas condicións de traballo e promóciase a igualdade e a participación activa das mulleres en todos os ámbitos da sociedade (cultura, educación, política, economía, deporte, saúde). As contas contemplan ademais accións con-

cretas dirixidas á prevención e a loita contra a violencia de xénero.

Redución da taxa do lixo

Os orzamentos priman o gasto social e o benestar comunitario con preto de 1.500.000 euros e máis de 300.000 euros a Cultura, Educación e Deporte. Non se sobe ningún imposto, nin taxa, pola contra contéplase a redución da taxa do lixo nun 10 por cento e a gratuidade da gardería municipal. Amplíase nun 40 por cento a axuda a os clubs de fútbol, nesta ocasión tendo en conta a necesidade de adquisición de test de antíxenos. Este ano haberá bases para axudas a festas parroquiais e asociacións culturais.

Investimentos reais

Inicialmente os orzamentos contan con 560.000 euros para investimentos reais, desa cantidade máis de 150.000 van destinadas á mellora de camiños municipais e outros 150.000 para reurbanización en San Martiño de Arroxo, Lobios e Sober. Tamén se contemplan partidas para re-

semebrado e instalación de novos bancos para os xogadores nos dous campos de fútbol do Concello e obras de ampliación da rede de saneamento e melloras na de abastecemento.

A maiores das obras que figuran no plan de inversión, contéplanse partidas para colaboración de convenios coa administración autonómica. Está previsto, entre outros, un convenio coa Consellería de Medio Ambiente para saneamentos por 100.000 euros e un PIR con Medio Rural por 50.000 euros. Continuase coas axudas para libros e material escolar para Infantil e Primaria, axudas para universitarios e este ano tamén para alumnado de BAC e ciclos superiores.

Segue tendo peso importante nos orzamentos de Sober o fomento do emprego cunha partida de preto de 80.000 euros. Contéplase ademais a subida salarial a todo o persoal do máximo que permiten os presupostos xerais do estado que é o 2%.

Programa de formación aberta en Sober



O Concello de Sober vén de subscribir un convenio co Ministerio de Educación e Formación Profesional para o desenvolvemento do programa de formación aberta 'Aula Mentor'. Con este acordo preténdese promover ofertas de aprendizaxe flexibles que permitan a adquisición de competencias básicas e, no seu caso, as correspondentes titulacións, a aqueles mozos e adultos que abandonaron o sistema educativo sen ningunha titulación.

Concíbese como un mecanismo para achegar á poboación e con especial atención a aquela cuxa residencia se atopa afastada dos

grandes núcleos urbanos, dunha oferta formativa, cultural e de difusión das tecnoloxías da información e a comunicación. Entre os seus acenos de identidade destaca o seu carácter aberto, dado que non existen requisitos de acceso e proporciona unha oferta formativa de carácter non formal que se adapta ás necesidades da poboación adulta.

O modelo é flexible en ritmos de aprendizaxe, baseado nunha atención tutorial personalizada e con materiais desenvolvidos especificamente para o traballo a distancia mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

Sober convoca o concurso de deseño do cartel para a XLII Feira do Viño de Amandi

O Concello de Sober convoca o seu tradicional concurso de deseño gráfico coa fin de elixir o cartel anunciador da XLII Feira do Viño de Amandi, que inicialmente debe celebrarse o 9 e 10 de abril coincidindo co domingo de Ramos. A data definitiva dependerá da evolución da pandemia e será consensuada cos adegueiros que participen.

Poderá concorrer toda a poboación, con traballos en formato A3 e técnica libre. Deberán ser presentados en soporte ríxido para facilitar a súa exposición. Só se pode presentar un cartel por autor ou autora. Quedan exentas, tal e como se ten acordado, aquelas persoas que teñan recibido o premio cando menos en dúas ocasións para permitir

así o acceso a novos creadores.

Os deseños deben reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no noso patrimonio e cultura. Os traballos presentados quedarán en poder do Concello de Sober. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da XLII Feira do Viño de Amandi, así como nos programas de man e outro material promocional. Os restantes carteis presentados poderán ser expostos se o Concello así o considera. O cartel gañador será propiedade do Concello de Sober, quen poderá cedelo a terceiros. O autor ou autora renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu currículo.

Humor

ANTOMS



0 fotógrafo Xan Padrón presenta retratos humanos de todo o mundo

A Sala Valente de Ourense acolle a exposición "Time-Lapse", do fotógrafo ourensán Xan Padrón, unha colección de retratos humanos de cidades arredor do mundo. A mostra chega á cidade logo dunha prestixiosa traxectoria internacional, que a levou a espazos senlleiros como a sede da Organización das Nacións Unidas, o Edificio Pfizer de Nova York, feiras internacionais de arte e ser seleccionada para proxectos, feiras e publicacións internacionais. A exposición, organizada polo Concello de Ourense permanecerá aberta ao público até o día 23 de xaneiro.

No ano 2011 o fotógrafo Xan Padrón comezou coa súa serie Time-Lapse. A súa fascinación polo tempo e o movemento xunto coa súa capacidade de desaparecer detrás da súa cámara levouno a reflexionar sobre canta vida acontece nos lugares máis aparentemente insignificantes dunha cidade.

Time-Lapse son retratos de cidades de todo o mundo a través das persoas que as habitan. Son tamén xestos cotiáns, combinados, que crean unha narrativa única da vida nunha parede, nun lugar do mundo. Time-Lapse é un lugar, un momento.

Para Xan Padrón, a detención voluntaria do movemento, onde a acción se converte en observación, levouno a centrarse nunha visión completamente diferente da súa fotografía de rúa, documentando o ecosistema das cidades e atopando a beleza a través da pausa e dos pequenos xestos colectivos e invisibles da vida cotiá.

Time Lapse é un proxecto vivo que inclúe retratos sociolóxicos de: Cuba, Nova York, Londres, Beijing, Sydney, Trinidad, Bolonia, Pekin, Río de Janeiro, Berlín, París, Nova Zelandia e Medellín, Madrid e Trives (Ourense), entre outras capitales do mundo.

Os "Time-Lapses" de Xan Padrón foron



Xan Padrón na súa exposición en Ourense.

seleccionados para o programa Art on Link da cidade de Nova York, chegando a ser expostos nas máis de 1,700 pantallas dixitais (e públicas) espalladas por toda a cidade. En 2019 o proxecto gañou o terceiro premio no The Center Editor's Choice Award, seleccionado por MaryAnne Golon, a directora de fotografía do The Washington Post.

Xan Padrón

O fotógrafo Xan Padrón (Ourense 1969), recibiu a súa primeira cámara da man do foto-xornalista Enrique Reza, que espertou nel a paixón pola fotografía do cotián, do mesmo xeito que o seu pai, o xornalista Luís Padrón espertara nel a paciencia para escoitar e observar historias.

A carreira de Xan Padrón coma fotógrafo está tamén ligada á súa antiga profesión coma músico profesional. Durante máis dunha década xirou co seu baixo e a súa cámara documentando a vida que acontecía arredor dos músicos cos que traballaba.

Como fotógrafo de artistas e concertos ten traballado como fotógrafo oficial para a APAP (Association of Performing Arts Professionals, EUA), e para a revista Inside Arts e The Writer Magazine (EUA).

Xan Padrón comparte a súa vida coa música, educadora e escritora Cristina Pato. Desde 2005, divide o seu tempo

entre Galicia e Nova York onde ten o seu estudio no centro cultural Mana Contemporary (NJ).

Time-Lapse

A serie Time-Lapse ten sido exposta, entre outros lugares, na sede da Organización das Nacións Unidas e no Edificio Pfizer de Nova York, e nas feiras de arte Photo LA, Art on Paper NYC e The Other Art Fair, presentada pola galería Saatchi Art en Londres, Nova York, Dallas, Los Angeles e Chicago.

A obra foi publicada na portada da undécima edición da antoloxía "Race, Class and Gender in the United States" (MacMillan, 2020), na do libro de socioloxía "Personal Networks" (Cambridge University Press, 2021), e en revistas internacionais coma o New England Review (NER), Die Zeit Magazine (Alemaña), PRISM International (Canadá) e o Photo World Magazine (China).

Os seus "Time-Lapses" chegaron a ser portada do catálogo de outono da galería Saatchi Art (2019) e foron seleccionados para o programa Art on Link (#ArtOnLink) da cidade de Nova York.

A bandeira de EEUU "nosoutros, a xente" feita en papel de algodón, irá en febreiro para a embaixada dos Estados Unidos na República Checa.



Visita guiada no Centro Cultural Valente.

FUCO PRADO

